



2 DESPEDIMENTOS INCOMPRESÍBEIS

O xuíz, nun tempo récord (o xuízo foi o venres 7 e a sentenza ten data de mércores 12), ditou sentenza declarando **IMPROCEDENTE** o despedimento de Teresa e **PROCEDENTES** os de Álvaro e Porfirio.

Os sindicatos asinantes queremos amosar a nosa sorpresa e a nosa indignación ante unha sentenza que nos parece totalmente inxusta xa que na única proba obxectiva que había, que eran os vídeos, non se ve absolutamente nada. A sentenza só se apoia nas acusacións de CCOO e UGT e nas testemuñas achegadas pola Empresa e fai caso omiso das presentadas pol@s despedid@s.

OS VÍDEOS: Reproducimos textualmente o "**FEITO PROBADO 5**" da sentenza, que é o que describe o que sucedeu no seu aspecto global: "*Parte dos manifestantes, empurrándoos superárona (a barreira de máis de 20 vixilantes), e chegaron mesmo a pisar a un deles, entrando no hall do edificio onde se atopa o arco de seguridade que resultou zarandeado pola masa*" E posteriormente di "*Páctase co coordinador de seguridade, que 4 deles pasasen a falar con CCOO e UGT ao que se accede permitíndolles o libre paso polos torniquetes. Os manifestantes posteriormente desaloxan o hall do edificio*"

O que parece máis grave desta descrición é que se pisase a un dos vixilantes (pisada que nin sequera se ve no vídeo e que está sacada da confesión do seu coordinador e non do presuntamente pisado). **¿onde queda a violencia extrema que nos dicían? ¿onde queda o perigo para as persoas e o estrago de bens da empresa? ¿onde queda a ocupación ilegal de centro de traballo?**

Polo que se refire á actitude concreta das persoas despedidas a sentenza di que Teresa foi a única despedida que entrou dentro do hall e que non tivo un papel destacado nos feitos, declarando o seu despedimento como **IMPROCEDENTE**.

Respecto a Porfirio e Álvaro a sentenza di que estiveron fóra do hall (onde non houbo ningún tipo de incidente) e fai a seguinte descrición da súa actitude: "*apréciase na gravación do vídeo..... e xusto ao seu inicio a presenza do Sr. Barrada (Porfirio) provisto de bandeira, asubío e adhesivo e cun bolso en bandoleira e a do Sr. Barreiro (Álvaro) que con camisa branca e megáfono dá un par de voltas*"

Ou sexa que da visualización dos vídeos non parece apreciarse ningún motivo para despedir a Porfirio e a Álvaro, a non ser que á súa señoría lle moleste o do asubío do primeiro ou a camisa branca do segundo.

A PROBA TESTIFICAL (AS TESTEMUÑAS): Esta proba, xunto coa documental, son as que lle serven ao xuíz para considerar eses 2 despedimentos **PROCEDENTES**. E o sorprendente é como chega a esa conclusión. O primeiro que di a sentenza a este respecto é que os testemuños das testemuñas presentadas pola empresa e os dos presentados polas persoas despedidas son contraditorios, pero **CRE MÁIS AOS DA EMPRESA** porque (citamos textualmente da sentenza) "*o contexto en que se producen (os feitos).....INVITA A CRER que o que estas testemuñas manifestan (as da empresa) se corresponde de forma máis próxima ao sucedido*".

Partindo desa apreciación dá por bo o testemuño que acusa a Álvaro de berrar determinadas consignas e de dirixirse con frases ameazantes ao coordinador de Segur Ibérica cando este recrimina un dos vixilantes que se negara a formar o cordón de seguridade. Ademais establece que a finalidade dunha consigna tan popular como "a por eles, oe, oe, oe" era incitar á violencia e coaccionar a CCOO e UGT para que non asinasen o convenio.

Por outra parte, a pesar de que no vídeo non se ve que ninguén rompa un cristal e a pesar de que hai testemuñas que negan a devandita rotura, o xuíz fai caso tamén do testemuño dunha escolta que pasaba por alí casualmente e quedou vendo como Porfirio golpeaba repetidamente un cristal ata rompelo e que non foi capaz de avisar a algún

dos numerosos vixilantes que había do que estaba a suceder e/ou denunciar o que sucedera unha vez producida a rotura.

A PROBA DOCUMENTAL: A proba documental está formada fundamentalmente polos 4 escritos de CCOO de título "Verdades e mentiras sobre o convenio" e polas intervencións dos representantes de CCOO e UGT na última reunión da Mesa Negociadora, fundamentalmente a do de CCOO pola súa extensión e polos seus termos nos que chegaba a dicir que temía pola súa vida e pedía que interviñese a empresa.

Curiosamente, estas acusacións que estiveron presentes ao longo de todo o xuízo, só aparecen na sentenza de forma tanxencial.

En canto aos slogans que berraba Álvaro, resulta obvio que non terían ningunha importancia se CCOO e UGT non dixesen que se sentiron ameazados por eles.

TERESA PIDE O REINGRESO: Na sentenza declárase como improcedente o despedimento de Teresa e dáselle a opción de reingreso ou aceptación dunha indemnización de 138.202 € **Teresa xa comunicou no Xulgado a súa decisión de solicitar o reingreso e non aceptar a indemnización.** Esperamos que lles caia a cara de vergoña aos que estiveron a difundir a infamia de que as persoas despedidas estaban a buscar un despedimento improcedente para irse á súa casa coa indemnización. E esperamos que aqueles aos cales lles quixeron influenciar con semellante difamación saiban tomar nota de ata onde chega a baixeza moral dalgunha xente para intentar xustificar a súa actitude insolidaria.

MIRANDO CARA A ADIANTE: Á espera das accións que poidamos decidir nunha reunión que teremos proximamente en Madrid, si podemos adiantar que, a pesar desta inxusta sentenza, **imos seguir loitando pola readmisión dos 2 despedidos e pola retirada das 6 sancións de 45 días sen soldo.**

Ademais habrá que volver **reabrir a campaña para axudar economicamente ás 2 persoas que continúan despedidas** ata que atopen algún traballo (xa anunciaron que empezaron a buscalo), xa que a resolución do recurso á sentenza que xa anunciaron tardará varios meses en resolverse.

ALGUNHAS CONCLUSIÓN

Non nos convenceron. Os sindicatos que asinamos este escrito seguimos convencidos de que os feitos que sucederon o día 26 de xuño non son merecedores de ningún tipo de sanción e que obedecen única e exclusivamente á vontade da empresa e dos seus sindicatos socios de acabar co movemento sindical reivindicativo. Neste sentido estamos tamén convencidos de que con este castigo exemplarizante a empresa quere meternos no medo no corpo aos que pelexamos por manter os nosos dereitos e, se lle sae ben, pode ser o inicio dunha política de acoso e persecución de todo o que se mova nesta empresa. **Pero estamos seguros de que os traballadores e traballadoras non imos permitir máis retrocesos.**

Por outra parte manifestar que non deixa de ser sorprendente que se declare improcedente o despedimento da única das persoas que entrou dentro do hall e que posteriormente entrou ata os locais dos sindicatos, cando foi nese espazo onde dende o principio dixeron que se produciran os feitos violentos, e sexan despedidas 2 persoas que, segundo a propia sentenza, non entraron en ningún momento a ese hall. **Este, entre moitos outros motivos, é o que nos leva a reclamar a nulidade dos despedimentos e sancións.**

Tamén resulta curioso que se despida a alguén por entender que coas súas consignas está a incitar á violencia, cando os feitos indican que non se produciu tal violencia; e resulta curioso tamén que se afirme que con esas consignas se pretendía intimidar a CCOO e UGT para que non asinasen o convenio, cando a realidade é que estes sindicatos non tiveron a mínima dúbida en asinar ese convenio unha semana despois, que non tiveron que ir escoltados para facelo e que, tanto antes como despois, os asinantes gozan da máis absoluta tranquilidade.

23 de novembro de 2008

DESPEDIDOS READMISIÓN NIN UNHA SANCIÓN SEN RESPSTA

